

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***PLAN DE FORMACIÓN 2019***PLAN AGRUPADO DE FORMACIÓN CONTINUA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA****ACCIÓNS FORMATIVAS PARA O ANO 2019**

No marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas, e con cargo ao crédito existente nas aplicacións orzamentarias da Deputación de Pontevedra e á subvención que conceda a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) para o Plan agrupado de formación continua do ano 2019, mediante a Resolución presidencial de data 02 de abril de 2019, apróbase a convocatoria das accións formativas para as modalidades presenciais, semipresenciais e en liña, que se desenvolverán durante o ano 2019, e que se recollen no anexo I, rexéndose polas seguintes

*BASES***Primeira. Obxecto**

Mediante esta disposición convócanse as actividades formativas descritas no Anexo I, no que se recolle unha descrición de cada actividade formativa ofertada, as datas de realización, lugar de celebración e outra información de interese.

**Segunda. Persoas destinatarias**

Persoal da Deputación de Pontevedra e das entidades que se adheriron ao Plan agrupado de formación continua: os concellos de Agolada, Arbo, Baiona, Barro, Bueu, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, Cangas, A Cañiza, Catoira, Cerdedo-Cotobade, Covelo, Crecente, Cuntis, Dozón, A Estrada, Forcarei, Fornelos de Montes, O Grove, A Guarda, A Illa de Arousa, A Lama, Lalín, Marín, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz, Mondariz-Balneario, Moraña, Mos, Nigrán, As Neves, Oia, Pazos de Borbén, Poio, Pontearreas, Ponte Caldelas, Pontecesures, O Porriño, Portas, Redondela, Ribadumia, Rodeiro, O Rosal, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Sanxenxo, Silleda, Soutomaior, Tomiño, Tui, Valga, Vila de Cruces, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa; a Mancomunidade do Salnés, a Mancomunidade do Val Miñor a Escola de Enfermería e Terra de Sanxenxo.



### Terceira. Modalidade formativa, calendario e requisitos tecnolóxicos

As actividades formativas levaranse a cabo na modalidade e nas datas detalladas no anexo. No caso de que resulte preciso realizar algún cambio nas datas indicadas na programación comunicarase con antelación suficiente.

As actividades formativas presenciais terán lugar, con carácter xeral, na cidade de Pontevedra.

Para as actividades formativas na modalidade en liña o alumno deberá dispoñer dun equipo que teña a configuración técnica necesaria en cada caso para a súa realización.

### Cuarta. Normas xerais de inscrición

4.1. Poderá participar nas accións formativas o persoal da Deputación de Pontevedra e das entidades que se adheriron ao Plan agrupado de formación continua e que se atope en servizo activo, ou o persoal que estea gozando dun permiso por parto, adopción ou acollemento, tanto preadoptivo coma permanente ou simple, por adopción internacional ou en situación de excedencia por coidado de fillas, fillos e outros familiares, segundo se establece nos artigos 121.6 e 176.7 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, así como o persoal bolseiro do Plan de práctica laboral da Deputación de Pontevedra e concellos da provincia.

4.2. Non se poderá participar nunha actividade formativa se ao inicio do curso se está en situación de incapacidade temporal. Neste caso a persoa quedará automaticamente excluída da relación de persoas aspirantes seleccionadas. No caso de modificarse esta circunstancia deberá notificárselle por escrito ao Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación para que os seus datos sexan actualizados, cubrir a vacante e evitar a penalización, que suporía non admitila en ningunha outra actividade formativa no transcurso da convocatoria actual nin da seguinte, nin lle expedir o diploma correspondente.

4.3. Para realizar a inscrición en cursos que se desenvolvan durante a xornada laboral da persoa interesada será preciso contar coa autorización previa da ou do superior xerárquico, debéndoa achegar coa solicitude segundo o establecido na cláusula sétima.

O persoal bolseiro do Plan de práctica laboral da Deputación de Pontevedra e concellos da provincia deberán achegar, xunto co modelo de solicitude, a autorización previa do titor ou titora.

4.4. A falsidade ou a ocultación de datos implicará a exclusión automática dos cursos solicitados desde a data na que se detecte este feito e a imposibilidade de participar noutro durante a convocatoria actual e a seguinte.

4.5. É obrigatorio que a persoa interesada, unha vez que reciba a notificación de admisión ao curso, confirme a súa asistencia no correo electrónico [formacion@depo.gal](mailto:formacion@depo.gal). No caso de que decida non asistir deberá comunicarlle a súa renuncia ao Servizo de Recursos Humanos e Formación cun mínimo de 1 día hábil de antelación á data de inicio do curso. De non o facer así, agás causa xustificada debidamente valorada, a persoa seleccionada non será admitida en ningunha outra actividade formativa no transcurso da convocatoria actual nin da seguinte



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

tras coñecerse esta circunstancia. Non se dará por confirmada a asistencia sen aviso previo da persoa interesada no tempo estipulado. As prazas que non sexan confirmadas outorgaráselles ás seguintes persoas admitidas.

A renuncia fóra de prazo ou o abandono das actividades sen causa xustificada documentalmente comportarán unha valoración negativa das solicitudes que se realicen durante a convocatoria actual e a seguinte despois de coñecer o feito, salvo que non se cubra o número mínimo de prazas para levar a cabo a acción formativa solicitada.

4.6. Durante o desenvolvemento da actividade formativa realizarase un control permanente de asistencia mediante os sistemas que se establezan. O alumnado que participe nun curso presencial ou semipresencial deberá obrigatoriamente asinar e presentar o DNI/NIE en cada unha das sesións académicas. As ausencias ocasionais do curso constarán como incidencia dentro de cada sesión para os efectos do cómputo correspondente. Poderanse realizar tamén controis de asistencia extraordinarios en calquera momento do desenvolvemento do curso, tanto por parte do persoal da empresa adxudicataria que o xestiona de selo caso coma do Servizo de Recursos Humanos e Formación.

#### **Quinta. Solicitudes e prazo**

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por vía electrónica a través do formulario normalizado, dispoñible na sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), de acordo co establecido no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).

No caso de presentar a solicitude de forma presencial requiriráselle que a emende mediante a súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizase a emenda.

Para a presentación das solicitudes a sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIE).

Só se poderá solicitar ata un máximo de tres accións formativas de modalidade en liña por semestre, concedéndose a cada persoa interesada dous cursos por semestre. Para o resto de modalidades o número de solicitudes é ilimitado.

O prazo de inscrición comezará a partir do día seguinte ao da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e rematará dez días antes do comezo da acción formativa.



## Sexta. Comprobación de datos

Co obxectivo de acreditar a condición de persoal da Deputación de Pontevedra ou das entidades locais adheridas ao Plan agrupado de formación continua consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- Certificado de vida laboral das persoas solicitantes

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á devandita consulta deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar o documento correspondente.

No suposto de imposibilidade material de obter o documento o órgano competente poderá requirirle á persoa interesada a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

## Sétima. Documentación

Só no caso de solicitudes de cursos presenciais ou semipresenciais que se desenvolvan durante a xornada laboral as persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude a autorización previa da ou do superior xerárquico segundo o modelo normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (Anexo II).

O persoal bolseiro do Plan de práctica laboral da Deputación de Pontevedra e concellos da provincia deberán achegar, xunto co modelo de solicitude, a autorización previa do titor ou titora (Anexo III).

A documentación deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos considerárase como data de presentación aquela na que se realizase a emenda.

## Oitava. Porcentaxe de confirmacións

Non se tramitará ningún curso no que as confirmacións de asistencia non superen o 80 % das prazas asignadas. Nese caso a institución provincial reserva o dereito de aprazar ou anular as accións formativas.

## Novena. Selección

As persoas participantes seleccionaranse segundo os seguintes criterios:



- Terán que formar parte do grupo de persoal destinatario establecido no anexo para cada curso
- De existiren máis solicitudes que prazas terán preferencia as persoas aspirantes que realicen tarefas directamente relacionadas co contido básico e cos obxectivos do curso
- De acordo co artigo 60.1 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, outorgaráselle preferencia na selección a quen se incorporase no prazo dun ano ao servizo activo, procedente do permiso de maternidade ou paternidade, ou reingresase desde a situación de excedencia por razóns de garda legal e atención a persoas maiores dependentes ou persoas con discapacidade, con obxecto de actualizar os coñecementos das e dos empregados públicos.
- Terá prioridade o persoal empregado público fixo sobre o temporal
- Terán prioridade as empregadas e empregados que acrediten maior antigüidade de servizos prestados
- No caso de empate terá preferencia o alumnado que realizase un número de cursos menor no ano anterior

### **Décima. Modificacións**

A Deputación reserva a facultade de interpretar e resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento dos cursos, así como de aprazalos ou cancelalos se o escaso número de solicitudes non xustifica a súa realización. Esta institución tamén reserva o dereito a comunicar as modificacións efectuadas en cada acción formativa.

### **Décimo primeira. Diploma de asistencia**

Outorgaráselle un diploma de asistencia ao alumnado que participe con regularidade nos cursos e, no caso de que supere os criterios de avaliación, un diploma de aproveitamento.

#### *Diploma de asistencia:*

Nos cursos de modalidade presencial a falta de asistencia (con ou sen xustificación) non poderá ser igual ou superior ao 10 % das horas lectivas programadas. Superar este límite, sexa cal sexa a causa, imposibilitará a expedición do diploma.

#### *Diploma de aproveitamento:*

Os cursos de modalidade semipresencial certificaranse cun diploma de aproveitamento e para obtelo será obrigatorio asistir ao 100 % das horas programadas como presenciais, ademais de superar os exercicios e/ou as probas de avaliación.

As actividades formativas na modalidade en liña certificaranse cun diploma de aproveitamento. Para obtelo será obrigatorio realizar o 100 % dos módulos e as avaliacións correspondentes.

Non se expedirán diplomas, certificados nin xustificantes de asistencia sen ter superado o curso completo.



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

Se o Servizo de Recursos Humanos e Formación detecta algún tipo de anomalía nos partes de asistencia do curso por parte do alumnado –falsificación de sinaturas, hora de entrada ou de saída–, implicará que non se expida o diploma, así como a exclusión automática nos cursos solicitados e a imposibilidade de participar noutro durante a convocatoria actual e a seguinte.

O diploma remitiráselle ao centro de traballo. Non se emitirán duplicados de diplomas en ningún caso pero será posible obter unha certificación que acredite que a acción formativa foi superada.

### **Décimo segunda. Outros cursos**

O curso programado para o ano 2019 en colaboración co INAP rexeranse pola normativa específica.

Enlace: <https://www.inap.es/cursos-de-administracion-local>

### **Décimo terceira. Protección de datos**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán obxecto de tratamento por parte da Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos, segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o seu consentimento, segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Pontevedra, 02 de abril de 2019

O deputado delegado. O secretario.



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

## ANEXO I

### Cursos da modalidade EN LIÑA

<b>Código do curso</b>	LIN-19-001
<b>Denominación</b>	Transparencia, Reutilización da Información Pública e <i>Open data</i>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	25 horas
<b>Datas</b>	Do 2/5/2019 ao 28/6/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	Comprender os principios básicos da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno no marco do Goberno aberto Describir as características básicas do espazo de transparencia da Deputación de Pontevedra e do Portal de Transparencia Local de Galicia Promover a reutilización da información pública e a publicación dos datos en formatos abertos Identificar aspectos básicos para a publicación de datos persoais
<b>Contido</b>	Conceptos xerais e marco legal da transparencia Publicidade activa e datos abertos. Instrumentos de acceso á información que favorecen a transparencia pública Os novos mecanismos de transparencia e información <i>Open data</i> e reutilización da información Dereito de acceso á información pública e protección de datos persoais



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-002</b>
<b>Denominación</b>	<b>Prevención de Riscos Laborais. Nivel básico</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoas contratadas en prácticas dentro do programa "O teu primeiro Emprego" da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	50 horas
<b>Datas</b>	Sen determinar
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	<p><b>Obxectivo xeral</b> Formar en materia de prevención de riscos laborais, segundo o establecido no anexo IV B) do Real decreto 39/1997 polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.</p> <p><b>Obxectivos específicos</b> Coñecer os conceptos e normativas fundamentais que conforman o campo da seguridade e saúde laboral Identificar as posibles causas dos accidentes laborais diferenciando aquelas que están ligadas á condición de seguridade, ao medio e á carga de traballo Coñecer os diferentes sistemas de control de riscos e comprender os principios relativos á vixilancia da saúde das persoas traballadoras Coñecer o sistema de xestión da prevención de riscos laborais, identificando os recursos e materiais, a estrutura e o funcionamento para a súa planificación na empresa Obter os coñecementos básicos para actuar en caso de emerxencia co fin de saber xestionar as primeiras intervencións</p>
<b>Contido</b>	<p>Conceptos básicos sobre seguridade e saúde no traballo Riscos xerais e a súa prevención Elementos básicos da xestión da prevención de riscos Primeiros auxilios Prevención de riscos laborais desde a perspectiva de xénero</p>



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-003</b>
<b>Denominación</b>	<b>A Función Pública Local. Formación básica.</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoas contratadas en prácticas dentro do Plan "O teu primeiro Emprego" da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	25 horas
<b>Datas</b>	Sen determinar
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	Proporcionar unha formación básica sobre a administración pública local
<b>Contido</b>	Organización e funcionamento das corporación locais O municipio. A provincia Procedemento administrativo local As e os interesados A actividade das administracións públicas O acto administrativo O procedemento administrativo común O procedemento administrativo electrónico O emprego público nas entidades locais Clases de persoal Dereitos e deberes Acceso ao emprego público local



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-004</b>
<b>Denominación</b>	<b>As Bibliotecas Ante o Futuro</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	20 horas
<b>Datas</b>	Do 2/5/2019 ao 28/6/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	<p>Reflexionar e detectar cales son os problemas, retos e solucións para adecuar a biblioteca actual ás demandas da sociedade</p> <p>Propoñer actividades e boas prácticas que se poidan aplicar desde o mesmo momento en que remate a formación</p> <p>Ser capaces de evolucionar de maneira constante e así dispoñer das ferramentas e da flexibilidade necesarias para enfrontarnos aos problemas sobrevidos</p> <p>Afrontar unha renovación constante que fortaleza o papel da biblioteca fronte ás previsións da súa desaparición e permita a busca de novas propostas integradoras de ideas</p>
<b>Contidos</b>	<p><b>Visións de futuro da biblioteca</b></p> <p>Introdución</p> <p>O futuro da biblioteca en dúbida</p> <p>A estendida preocupación polo futuro da biblioteca</p> <p>Bibliotecas actuais: acertos e erros</p> <p>Preguntas a responder para repensar a biblioteca</p> <p>Bibliografía</p> <p><b>Retos de xestión e da profesión</b></p> <p>Introdución</p> <p>Cooperación e colaboración sobre todas as cousas.</p> <p>Novas e novos profesionais para unha nova biblioteca</p> <p>A ou o bibliotecario como xestor dun contorno cambiante</p> <p>Vendámonos: mercadotecnia e publicidade das bibliotecas</p> <p>Bibliografía</p> <p><b>Biblioteca física vs. biblioteca dixital</b></p> <p>Introdución</p> <p>Edificios bibliotecarios no século XXI</p> <p>Biblioteca terceiro lugar</p> <p>A e o usuario nunha biblioteca híbrida: usuarios presenciais e dixitais na biblioteca do século XXI</p> <p>Bibliografía</p> <p><b>Biblioteca social e educativa</b></p> <p>Introdución</p> <p>Biblioteca social: bibliotecas como axentes sociais, culturais e de integración</p>

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: 07F240JDZXFHAPBY



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

	<p>A formación como eixe da biblioteca</p> <p>Bibliografía</p> <p><b>A biblioteca é un servizo</b></p> <p>Introdución</p> <p>A colección como servizo</p> <p>Contidos bibliotecarios no século XXI</p> <p>Coleccións dixitais</p> <p>A biblioteca como creadora e promotora da creación</p> <p>A biblioteca como difusora e promotora dunha nova propiedade intelectual: adaptación a un contorno legal restritivo</p> <p>A singularidade local fainos fortes</p> <p>Preservación dixital</p> <p>Servizos dixitais</p> <p>Redes sociais na biblioteca do século XXI</p> <p>Servizos móbiles: Apps e webs lixeiras</p> <p>Libre acceso a coleccións dixitais</p> <p>Servizos presenciais</p> <p>Servizos tradicionais na encrucillada</p> <p>Bibliotecas como laboratorios de experimentación artística e de creación: os laboratorios de creación e outros servizos</p> <p><i>Learning commons</i> e CRAI</p> <p>Novos elementos para unha biblioteca: drons, impresión 3D, <i>wearable</i>, internet das cousas...</p> <p>Bibliografía</p>
--	---



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-005</b>
<b>Denominación</b>	<b>Microsoft Word 2016. Nivel básico</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	25 horas
<b>Datas</b>	Do 2/5/2019 ao 28/6/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	<p>Aplicar, crear e modificar estilos no documento</p> <p>Crear documentos con modelos estándar e personalizados</p> <p>Crear modelos, mantelos e aplicar temas</p> <p>Crear táboas de contido, índices, inserir marcadores, referencias cruzadas e hipervínculos</p> <p>Introducir e revisar cambios e comentarios, combinar e protexer documentos</p> <p>Enviar correspondencia personalizada e producir etiquetas. Crear e administrar documentos mestres</p> <p>Crear formularios, modificalos, protexelos e envialos</p> <p>Crear macros e traballar con elas</p> <p>Converter documentos a outros formularios de arquivo</p> <p>Coiñecer o contorno Word 2010 e personalizalo</p>
<b>Contido</b>	<p><b>Xeneralidades</b></p> <p>Descrición da pantalla</p> <p>Configurar páxina</p> <p>Crear un novo documento</p> <p>Abrir un documento existente</p> <p>Gardar os cambios realizados nun documento</p> <p>Crear unha copia dun documento</p> <p>Pechar un documento</p> <p><b>Edición</b></p> <p>Selección de texto</p> <p>Mover e copiar</p> <p>Desfacer e refacer</p> <p>Modos de visualización</p> <p><b>Formato</b></p> <p>Formato de caracteres</p> <p>Formato de parágrafo</p> <p>Formato de páxina</p> <p>Bordes</p> <p>Sombreado</p> <p>Viñetas</p> <p>Numeración</p> <p>Lista multinivel</p> <p>Tabulacións</p> <p>Columnas</p> <p><b>Inserir</b></p>

Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

	Salto de páxina
	Salto de sección
	Data e hora
	Símbolos e caracteres especiais
	Comentarios
	<b>Táboas</b>
	Crear una táboa
	Editar dunha táboa
	Aplicarlle formato a unha táboa
	<b>Revisar</b>
	Buscar nun documento
	Substituír
	Ortografía e gramática
	Autocorrección
	Sinónimos
	<b>Imprimir</b>
	Configuración de páxina
	Vista previa
	Ficha vista

Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-006</b>
<b>Denominación</b>	<b>Microsoft Excel 2016. Nivel básico</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	25 horas
<b>Datas</b>	Do 2/5/2019 ao 28/6/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	Adquirir os coñecementos necesarios para traballar cunha folla de cálculo.
<b>Contido</b>	<p>Xeneralidades:                      Descrición da pantalla                      Documentos, libros e follas                      Crear un libro novo                      Abrir un libro                      Gardar un libro                      Tipos de datos:                      Tipos de datos                      Introducción de datos                      Introducción de fórmulas                      Desprazamento                      Selección de rangos                      Introducción de valores en rangos de celas                      Rangos con nome                      Enchido rápido                      Modificar a anchura das columnas                      Modificar a altura das filas                      Inserir filas e columnas                      Eliminar filas e columnas                      Ocultar filas ou columnas                      Visualizar filas ou columnas                      Inmobilizar paneis                      Formato:                      Formatos numéricos                      Copiar formato                      Borrar formato                      Autoformato e estilos rápidos                      Estilos                      Funcións:                      Introducción de funcións                      Axuda de funcións                      Modificar funcións                      Amosar fórmulas                      Dirección de celas                      Copiar fórmulas                      Desprazar fórmulas                      Referencias circulares                      Gráficos:                      Crear un gráfico                      Tamaño e posición dos gráficos                      Cambiar o tipo de gráfico                      Agregar e modificar os datos dun gráfico                      Impresión:                      Configurar páxina para imprimir                      O modo de deseño de páxina                      Vista previa de salto de páxina</p>

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: 07F24QJ0ZXFHAPBV



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-007</b>
<b>Denominación</b>	<b>Curso para Persoal de Cociña</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal de cociña e despensa do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	50 horas
<b>Datas</b>	Do 2/5/2019 ao 28/6/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	<p>Coñecer os distintos grupos de alimentos</p> <p>Aprender os principios básicos dunha alimentación equilibrada en cada etapa</p> <p>Definir a nutrición humana asociada á saúde</p> <p>Aprender a elaborar plans de alimentación específicos</p> <p>Coñecer os métodos de prevención fronte a alerxias e intolerancias alimentarias e os novos requisitos da etiquetaxe de produtos alimentarios</p>
<b>Contido</b>	<p>Alimentación da e do lactante e da primeira infancia</p> <p>Bases da nutrición no primeiro mes de vida</p> <p>Aspectos prácticos da alimentación no primeiro mes de vida</p> <p>Evolución durante o primeiro ano de vida</p> <p>Alimentación de un a tres anos</p> <p>Exemplos de menús</p> <p>Alimentación de escolares e adolescentes</p> <p>Alimentación das e dos nenos de 4 a 12 anos</p> <p>Requirimentos nutricionais e pautas alimentarias</p> <p>Exemplos de menús</p> <p>Alimentación de adolescentes</p> <p>Requirimentos nutricionais e pautas alimentarias</p> <p>Exemplos de menús</p> <p>Situacións que requiren modificacións alimentarias</p> <p>Pautas a seguir na elaboración dos menús no comedor escolar</p> <p>Modelos de menús do comedor escolar</p> <p>Caracterización de alerxias e intolerancias alimentarias</p> <p>Principais afeccións alimentarias</p> <p>Necesidades nutricionais en persoas con necesidades alimentarias específicas</p> <p>Procedementos para o recoñecemento das alerxias alimentarias máis habituais</p> <p>Atención de necesidades alimentarias específicas baseada no coñecemento e a prevención</p> <p>Relación de alerxias alimentarias: causas, tratamento e prevención</p> <p>Principais alimentos causantes de alerxias e intolerancias alimentarias</p> <p>Produtos inadecuados e substitutivos para necesidades alimentarias específicas: descrición, etiquetado, lexislación, símbolos, uso e aplicación de táboas</p> <p>Ingredientes e denominacións que poden indicar a presenza de alérxenos</p> <p>Elaboración de ofertas gastronómicas e dietas para o tratamento de necesidades</p>

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
 Código seguro de verificación: 07F24QJ0ZYPHAPBV



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

	<p>alimentarias específicas</p> <p>Dietas relacionadas coas alerxias e as intolerancias alimenticias</p> <p>Deseño de dietas básicas</p> <p>Atención baseada na prevención</p> <p>Elaboracións culinarias aptas para persoas con alerxias a alimentos e intolerancias alimentarias</p> <p>Boas prácticas na elaboración de pratos aptos</p> <p>Proceso de execución e puntos críticos na manipulación e elaboracións culinarias</p> <p>Posibles danos para a saúde causados por unha inadecuada manipulación e/ou elaboración</p>
--	---

Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-008</b>
<b>Denominación</b>	<b>Curso para Persoal de Comedor</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal de comedor e despensa do Centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	50 horas
<b>Datas</b>	Do 2/5/2019 ao 28/6/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	<p>Coñecer os distintos grupos de alimentos</p> <p>Aprender os principios básicos dunha alimentación equilibrada en cada etapa</p> <p>Definir a nutrición humana asociada á saúde</p> <p>Aprender a elaborar plans de alimentación específicos</p> <p>Coñecer os métodos de prevención fronte a alerxias e intolerancias alimentarias e os novos requisitos da etiquetaxe de produtos alimentarios</p>
<b>Contido</b>	<p>Alimentación da e do lactante e da primeira infancia</p> <p>Bases da nutrición no primeiro mes de vida</p> <p>Aspectos prácticos da alimentación no primeiro mes de vida</p> <p>Evolución durante o primeiro ano de vida</p> <p>Alimentación dun a tres anos</p> <p>Exemplos de menús</p> <p>Alimentación de escolares e adolescentes</p> <p>Alimentación das e dos nenos de 4 a 12 anos</p> <p>Requirimentos nutricionais e pautas alimentarias.</p> <p>Exemplos de menús.</p> <p>Alimentación de adolescentes</p> <p>Requirimentos nutricionais e pautas alimentarias.</p> <p>Exemplos de menús.</p> <p>Situacións que requiren modificacións alimentarias.</p> <p>Pautas a seguir na elaboración dos menús no comedor escolar</p> <p>Modelos de menús do comedor escolar</p> <p>Caracterización de alerxias e intolerancias alimentarias</p> <p>Principais afeccións alimentarias</p> <p>Necesidades nutricionais en persoas con necesidades alimentarias específicas</p> <p>Procedementos para o recoñecemento das alerxias alimentarias máis habituais</p> <p>Atención de necesidades alimentarias específicas baseada no coñecemento e a prevención</p> <p>Relación de alerxias alimentarias: causas, tratamento e prevención</p> <p>Principais alimentos causantes de alerxias e intolerancias alimentarias</p> <p>Produtos inadecuados e substitutivos para necesidades alimentarias específicas: descrición, etiquetado, lexislación, símbolos, uso e aplicación de táboas</p> <p>Ingredientes e denominacións que poden indicar a presenza de alérxenos</p> <p>Elaboración de ofertas gastronómicas e dietas para o tratamento de necesidades alimentarias específicas</p> <p>Dietas relacionadas coas alerxias e as intolerancias alimentarias</p>

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: 07F240JDZYPHAPBV



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

	<p>Deseño de dietas básicas</p> <p>Atención baseada na prevención</p> <p>Elaboracións culinarias aptas para persoas con alerxias a alimentos e intolerancias alimentarias</p> <p>Boas prácticas na elaboración de pratos aptos</p> <p>Proceso de execución e puntos críticos na manipulación e elaboracións culinarias</p> <p>Posibles danos para a saúde causados por unha inadecuada manipulación e/ou elaboración</p>
--	--

Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-009</b>
<b>Denominación</b>	<b>Motivación de Equipos de Trballo</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	20 horas
<b>Datas</b>	Do 2/5/2019 ao 28/6/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	<p>Coñecer as bases conceptuais e as compoñentes do proceso motivacional</p> <p>Comprender a importancia da motivación no comportamento humano no ámbito dos equipos e organizacións, analizando como esta actúa modulando as condutas e intervindo sobre a aprendizaxe e o rendemento</p> <p>Coñecer as distintas teorías cognitivas que intentan explicar como o suxeito planifica, persegue metas, ten expectativas e fai atribucións tanto das súas condutas como das e dos demais</p> <p>Recoñecer e identificar dun xeito crítico as motivacións básicas e as aprendidas</p> <p>Coñecer as principais metodoloxías de xestión que imperan na actualidade no estudo e aplicación da motivación, as súas aplicacións no ámbito organizacional e as diferentes técnicas de medida da motivación</p>
<b>Contido</b>	<p>Introdución ao estudo da motivación: O proceso motivacional</p> <p>Aspectos motivacionais na aparición e mantemento da conducta. O control da acción</p> <p>Achegas da psicoloxía cognitiva ao estudo da motivación</p> <p>Motivos primarios e secundarios</p> <p>Técnicas de medida e ámbitos de aplicación</p> <p>As principais teorías da xestión e da organización baseadas en procesos motivacionais</p>



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-010</b>
<b>Denominación</b>	<b>Obrigas Dixitais das Administracións Públicas: a Lei 39/2015 e a Lei 40/2015 (1.ª edición)</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	30 horas
<b>Datas</b>	Do 2/5/2019 ao 28/6/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	Coñecer as obrigas dixitais que introducen as novas leis 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, e 40/2015, de réxime xurídico do sector público
<b>Contido</b>	Introdución e marco normativo Tramitación electrónica Funcionamento electrónico interno Garantir o dereito á información e a transparencia Interoperabilidade con outras administracións Ferramentas e recursos necesarios para garantir as relacións electrónicas coas administracións públicas



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-011</b>
<b>Denominación</b>	<b>Aspectos Prácticos da Lei 9/17, de 8 Novembro, de Contratos do Sector Público</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	50 horas
<b>Datas</b>	Do 2/5/2019 ao 28/6/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Proporcionar unha formación específica en materia de contratación pública</li><li>• Coñecer as principais novidades e aspectos prácticos da nova Lei de contratos do sector público</li></ul>
<b>Contido</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• O sistema de contratación pública español e a LCSP/2017</li><li>• Novidades destacables e aspectos críticos da LCSP/2017</li><li>• Principais novidades das disposicións xerais, elementos estruturais e contratos administrativos</li><li>• O ámbito subxectivo de aplicación da LCSP/2017</li><li>• As obrigas de gobernanza na contratación</li><li>• A contratación pública electrónica</li><li>• Casos prácticos</li></ul>



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-012</b>
<b>Denominación</b>	<b>A Atención ao Público: Tratamento de Queixas e Reclamacións.</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	20 horas
<b>Datas</b>	Do 2/5/2019 ao 28/6/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	Adquirir os coñecementos que permitan atender de forma eficaz as reclamacións e as queixas Adquirir habilidades de comunicación para facerlles fronte a queixas e reclamacións difíciles
<b>Contido</b>	A importancia da comunicación na xestión de queixas e reclamacións Escoita activa Reformulación Autocontrol Queixas e suxestións Que é unha queixa? O tratamento das queixas e a recollida de información Contestación das queixas A queixa como unha oportunidade Reclamacións Que son as follas de reclamación? Como se enchen as follas de reclamación? Como se tramitan as follas de reclamación? Casos prácticos



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-013</b>
<b>Denominación</b>	<b>A Prevención do Acoso no Contorno Laboral.</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	20 horas
<b>Datas</b>	Do 2/5/2019 ao 28/6/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	Sensibilizar na protección dos dereitos fundamentais da persoa e en especial a saúde, a dignidade e igualdade no ámbito laboral.
<b>Contido</b>	O principio de igualdade e non discriminación por razón de sexo. A prevención do acoso e a violencia de xénero no contorno laboral: contexto normativo Pacto de Estado contra a violencia de xénero: medidas laborais O protocolo de acoso laboral, sexual e por razón de sexo: Declaración de principios Obxectivo Ámbito de aplicación Principios de actuación Procedemento formal e procedemento informal Canais de denuncia Principios e garantías Procedemento de investigación de indicios Réxime disciplinario Finalización do procedemento O procedemento de investigación de indicios Foro de debate



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-014</b>
<b>Denominación</b>	<b>A e-Administración.</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	20 horas
<b>Datas</b>	Do 2/5/2019 ao 28/6/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	Adquirir os coñecementos necesarios para iniciarse no mundo da Administración electrónica entendendo os servizos que engloba: certificado dixital, DNI electrónico, sinatura electrónica
<b>Contido</b>	Introdución á Administración electrónica Réxime xurídico Sede electrónica DNI electrónico: DNle Sinatura electrónica: tipos de sinaturas Certificado dixital Identificación e autenticación Seguridade A cidadanía e a Administración electrónica



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-015</b>
<b>Denominación</b>	<b>Inglés. Nivel medio</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	50 horas
<b>Datas</b>	Do 2/5/2019 ao 28/6/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	Ser capaz de captar o significado xeral do que se di Poder ler e escribir textos sinxelos e ser capaz de manter unha conversa básica sobre temas que lle son familiares ou de interese persoal
<b>Contido</b>	<p><b>Funcións</b></p> <p>Inglés para funcións sociais (saudar, presentarse unha ou un mesmo e a outras persoas, facer invitacións, expresións de cortesía...)</p> <p>Pedir e ofrecer cousas adecuadamente en diferentes situacións (tendas, restaurantes, hoteis, aeroportos...)</p> <p>Expresar opinións</p> <p>Expresar sentimentos e necesidades</p> <p>Expresar cantidades</p> <p>Expresar desexos e ambicións</p> <p>Falar de gustos e preferencias</p> <p>Describir lugares e situacións</p> <p>Dar indicacións</p> <p>Facer comparacións</p> <p>Describir xente</p> <p>Falar de experiencias</p> <p>Expresar obrigas</p> <p>Dar consellos e ofrecer solucións</p> <p><b>Gramática</b></p> <p>Presente simple e presente continuo</p> <p>Pasado simple e pasado continuo</p> <p>Presente perfecto e pasado simple</p> <p>Futuro</p> <p>Oracións interrogativas. Estilo directo e indirecto. <i>Question tags</i></p> <p>Artigos</p> <p>Imperativo</p> <p>Patróns verbais: xerundio ou infinitivo</p> <p>Cuantificadores (<i>much, many, some, any...</i>)</p> <p>Adxectivos comparativos e superlativos</p> <p>Preposicións de tempo</p> <p>Preposicións de lugar e movemento</p> <p>Condicionais</p>

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: 07F240JDZYPHAPBY



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

	Uso de conectores do discurso
	Modais
	Expresións temporais
	<b>Vocabulario</b>
	Expresións sociais
	A xente (países e culturas)
	A personalidade
	A casa
	A comida
	O traballo
	Estilos de vida
	De compras
	A saúde
	Diñeiro e operacións bancarias
	O tempo atmosférico
	De viaxe
	Ao teléfono
	A correspondencia (carta e correo electrónico)
	Os medios (prensa, televisión, redes sociais...)

Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	LIN-19-016
<b>Denominación</b>	Formación Xeral en Protección de Datos. Nivel básico
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	30 horas
<b>Datas</b>	Do 2/5/2019 ao 28/6/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	Profundar na normativa relacionada coa protección de datos de carácter persoal no ámbito das administracións públicas desde un punto de vista teórico/práctico Coñecer as novidades existentes, dando conta dos puntos máis esenciais e característicos da súa aplicación na tramitación administrativa Coñecer e analizar o funcionamento da normativa e darlles resposta aos conflitos que xurdan na súa aplicación
<b>Contido</b>	Conceptos básicos e marco normativo Dereito á protección de datos: regulamento europeo de protección de datos Aplicación das normas xurídicas nun contorno de innovación tecnolóxica Seguridade e bo uso da información Conclusións



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN/19/017</b>
<b>Denominación</b>	<b>Lei 9/17, de 8 de Novembro, de Contratos do Sector Público</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	30 horas
<b>Datas</b>	Do 2/9/2019 ao 31/10/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico/práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Proporcionar unha formación específica en materia de contratación pública</li><li>• Coñecer as principais novidades e aspectos prácticos da nova Lei de contratos do sector público</li></ul>
<b>Contido</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• O sistema de contratación pública</li><li>• Principais novidades das disposicións xerais, elementos estruturais e contratos administrativos</li><li>• O ámbito subxectivo de aplicación da LCSP/2017</li><li>• As obrigas de gobernanza na contratación</li><li>• A contratación pública electrónica</li></ul>



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	LIN-19-018
<b>Denominación</b>	Os Recursos Administrativos segundo a Lei 39/2015, de 1 de Outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	15 horas
<b>Datas</b>	Do 2/9/2019 ao 31/10/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	• Coñecer a regulación dos recursos administrativos segundo a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo das administracións públicas.
<b>Contido</b>	• Recursos administrativos: Comúns e especiais • Actos recorribles • Clases de recursos administrativos Actos que poñen fin á vía administrativa Recursos de alzada Recurso de reposición Recurso extraordinario de revisión



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-019</b>
<b>Denominación</b>	<b>A Delegación de Competencias segundo a Lei 40/2015, de 1 de Outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	15 horas
<b>Datas</b>	Do 2/9/2019 ao 31/10/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Coñecer a delegación de competencias segundo a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público</li></ul>
<b>Contido</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Referencia aos órganos das administracións públicas e ás súas competencias</li><li>• Organos administrativos</li><li>• Competencias</li><li>• Competencia</li><li>• Delegación de competencias</li><li>• Avocación de competencias</li><li>• Encomendas de xestión</li><li>• Delegación de sinatura</li><li>• Suplencia</li><li>• Decisións de competencia</li></ul>



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-020</b>
<b>Denominación</b>	<b>Conceptos Básicos sobre a Lei 19/2013, de 9 de Decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	25 horas
<b>Datas</b>	Do 2/9/2019 ao 31/10/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	Comprender os principios básicos da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno no marco do Goberno aberto
<b>Contido</b>	Conceptos xerais e marco legal da transparencia Publicidade activa e datos abertos. Instrumentos de acceso á información que favorecen a transparencia pública Novos mecanismos de transparencia e información



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-021</b>
<b>Denominación</b>	<b>Obrigas Dixitais das Administracións Públicas: Lei 39/2015 e Lei 40/2015 (2.ª edición)</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	30 horas
<b>Datas</b>	Do 2/9/2019 ao 31/10/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	Coñecer as obrigas dixitais que traen as novas leis 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e 40/2015 de réxime xurídico do sector público
<b>Contido</b>	Introdución e marco normativo Tramitación electrónica Funcionamento electrónico interno Garantir o dereito á información e á transparencia Interoperabilidade con outras administracións Ferramentas e recursos necesarios para garantir as relacións electrónicas coas administracións públicas



Martes, 9 de abril de 2019

Núm. 69

<b>Código do curso</b>	<b>LIN-19-022</b>
<b>Denominación</b>	<b>Inglés. Nivel avanzado</b>
<b>Persoas destinatarias</b>	Persoal da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos ao Plan agrupado de formación continua
<b>Número de edicións</b>	1
<b>Participantes por edición</b>	50
<b>Número de horas</b>	50 horas
<b>Datas</b>	Do 2/9/2019 ao 31/10/2019
<b>Metodoloxía</b>	Teórico-práctica (en liña)
<b>Obxectivos</b>	Comprender e usar de forma correcta expresións cotiás a través do dominio de temáticas complexas de forma fluída e espontánea Estruturar textos con certa complexidade a través de mecanismos organizados
